| A determinar | Secundaria | Iniciación ao surf. Escola de surf de Esteiro (Viveiro). | Alberto Rodríguez e Félix Prieto |
| A determinar | Primaria e Secundaria | Roteiro nos Ancares. | Alberto Rodríguez e Félix Prieto |
| A determinar | Primaria e Secundaria | Ximnasia, saltos e acrobacias en Diverland, Lugo. | Félix Prieto |
| A determinar | Primaria e | Scape Room en Lugo. | Isabel Luna e Félix |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Secundaria | | Prieto |
| A determinar | Secundaria | Saída ao teatro e francés | Isabel Luna |
| A determinar | Primaria e Secundaria | Visita aos postos dos libros para celebrar o Día do libro | Isabel Luna |
| A determinar | Primaria e Secundaria | Excusión a Cerceda para os participantes das actividades da biblioteca | Isabel Luna |
| A determinar | Primaria | Excursión do Club de lectura | Isabel Luna |
| A determinar | Secundaria | Visita a Lugo: Muralla, Museos | Kiko Trashorras |
| A determinar | Secundaria | Visita a Ourense: Parque arqueolóxico de San Cibrán, Catedral, Burgas, Charasqueira, Ribeira Sacra... E regreso en tren. | Kiko Trashorras |
| A determinar | Secundaria | Visita ao Castro de Vilalonga, igrexa de Meira e fabrica do leite, aeródromo de Rozas. | Isabel Luna |
| A determinar | Secundaria | Actividades de Xogade: tenis de mesa, hóckey a patíns | Alberto e Félix Prieto |
| A determinar | Secundaria | Visita á Central eléctrica de Grandas de Salime | Kiko Trashorras |
| A determinar | Todo o centro | Saídas puntuais pola localidade e polo concello de Navia (Xantar nas Veigas etc) | Kiko Trashorras |
| A determinar | Todo o centro | Saídas aos centros da contorna (Cervantes, Courel, Fonsagrada) para realizar actividades culturais, educativas, deportivas conxuntas que vaian xurdindo | Kiko Trashorras |
| 2º ou 3º trimestre | Secundaria | Charla do médico do Centro de Saúde de Navia José Luís Coira | Isabel Luna |
| A determinar | Todo o centro | Charlas da Guardia Civil dentro do Plan director | Kiko Trashorras |
| A determinar | EI e EP | Visita a vila das Formigas en Outeiro de Rei<br>Visita Bosque Máxico Bonxe<br>Avifauna en Outeiro de Rei<br>Marcelle<br>Olería de Bonxe | Inés, Rosalía, Kiko, |
| A determinar | Aula mixta de 4º,5º, e 6º de EP e a ESO | Viaxe fin de curso a lugar e data por determinar | Kiko, Isa, Rosalía, Conchita |
| A determinar | aula mixta de 4º,5º, e 6º de EP e a ESO | FP Innova en Santiago de Compostela | Kiko |
| A determinar | EP | Xornada de convivencia co Colexio de Negueira de Muñís | Rosalía |
| 1º ou inicio 2º trimestre | EP e ESO | Iniciación á neve en Leitariegos | Félix e Alberto |
| 3º Trimestre | EP e ESO | Acampada no cole<br>Acampada en tendas de campaña en Navia | Rosalía |
| A determinar | Todo o centro | Visita ás instalacións da fábrica de embutidos Suarna | Rosalía |
| Varias ao longo do curso | Todo o centro | Visitas, actividades conxuntas e intercambios co Centro de Maiores de Navia de Suarna. Polo Nadal, entroido, festival das letras galegas, ... | Kiko, Rosalía, Isa |

## 3.- OUTRAS ACTIVIDADES CURSO 23-24

-Club de lectura en Educación Primaria "O Semilleiro das Follas Bravas"

- os minis: todas as semanas
- os maiores: dúas sesións por trimestre
- Infantil: todas as semanas

-Club de lectura da ESO "Follas Bravas": dúas veces ao trimestre

-**Proxecto digicraft na aula** mixta de 4°, 5° e6° de EP

-Actividades do EDLG e da Biblioteca dentro do Plambe coa colaboración nos recreos de despois de xantar para preparar obras de teatro, dinamización da lectura, ... dunha nai colaboradora Ana Cadenas.

# PLAN DE IGUALDADE



# Proxecto de actuación do Plan de Igualdade

# do CPI Plurilingüe Navia de Suarna

# curso 2023-2024

## 1. RESPONSABLE DO PLAN DE IGUALDADE:

Isabel Luna Fernández.

## 2. CONTEXTO LEXISLATIVO

A lexislación educativa, que vehícula as políticas públicas en materia de igualdade dirixidas aos centros educativos, inspírase no marco legal antedito. A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación, manifesta no seu preámbulo : " Nestas novas circunstancias, faise necesario conceder importancia a varios enfoques que resulten claves para adaptar o sistema educativo ao que del esixen os tempos a que nos enfrontamos. En primeiro lugar, a lei inclúe o enfoque de dereitos da infancia entre os principios reitores do sistema, segundo o establecido na Convención sobre os dereitos do neno de Nacións Unidas(1989), e recoñece o interese superior do menor, o seu dereito á educación e a obrigación que ten o Estado de asegurar o cumprimento efectivo dos seus dereitos.

En segundo lugar, adopta un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual,introducindo na educación secundaria a orientación educativa e profesional do alumnado con perspectiva inclusiva e non sexista". Desta lei establece como principio da educación "o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero". Establécese que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a "educación no respecto dos dereitos e liberdades

fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres". Os decretos de currículo desenvolven estes principios.

Esta lexislación será tida en conta en toda a documentación do centro, figurando obxectivos coeducativos concretos no Proxecto educativo, no Plan de convivencia, no Plan de acción titorial e vamos ter especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

## 3. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS DE ACTUACIÓN

O plan de igualdade basearase nos seguintes principios:

Valores democráticos

A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) para a defensa dos dereitos humanos.

Inclusión

A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

Igualdade de oportunidades

O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

Visibilidade

O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis ala do xénero.

Diversidade sexual e de xénero

Todas as persoas teñen dereito a asumir, expresar e vivir a súa sexualidade, así como de asumir expresións, preferencias ou orientacións e identidades sexuais.

Dereitos das persoas con discapacidade

Temos que fomentar medidas que garantan a súa autonomía, a súa integración social e profesional e a súa participación na vida da comunidade.

Loita contra o racismo e a xenofobia

Hai que previr e combater o racismo e a xenofobia a través da educación, promovendo unha cultura de respecto e tolerancia.

## 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

5.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

5.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

5.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

5.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

## 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS

5.1. Organización do centro.

- favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade. Neste caso nomeouse a profesora Isabel Luna Fernández.
- difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).

- promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro.
- colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
- concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- realizar actividades de sensibilización na aula.
- realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

- Utilización dunha linguaxe non sexista e inclusivo: na documentación do centro, recursos e materiais didácticos, cartearía do centro, páxinas web, comunicación coas familias, etc.
- nas programacións didácticas e nas propostas pedagóxicas.
- no Plan de Convivencia.
- no Plan de Orientación e Acción Titorial.
- no Plan de Formación do Profesorado.
- nos criterios para establecer os agrupamentos do alumnado.
- nas actividades complementarias e extraescolares que se programen.

<u>5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.</u>

- promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

<u>5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.</u>

• promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.

• promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.

• promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

• promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

• promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

• promover actividades de intervención social na comunidade educativa

## 6. ACTUACIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN E VISIBILIZACIÓN

Entendemos este proxecto como parte dun proceso que vai ir perfilándose e madurando ao longo dos cursos sucesivos. A continuación expoñemos brevemente as actuacións programadas para este curso, aínda que esta programación é flexible e susceptible de ser modificada ao longo do curso. Ao final do mesmo realizaremos unha Memoria Final na que se recollerán as actividades levadas a cabo, así como os seus resultados e se avaliará o grao de consecución dos obxectivos expostos en cada unha.

**<u>Calendario para a Igualdade:</u>**

<u>1 de outubro:</u> Día das persoas maiores.

16 de outubro: Día das autoras.

25 de novembro: Día contra a violencia de xénero.

3 de decembro: Día da discapacidade.

8 de marzo: Día da muller traballadora

21 de marzo: Día da eliminación da discriminación racial

26 de abril: Día da visibilidade lésbica

17 de maio: Día contra a homofobia, transfobia e bifobia

**Blog para a Igualdade:**

O blog aprendendoxuntosnavia@blogspot.com recompila os recursos clasificados por niveis e informarase ao claustro para que poida participar calquera profesor. Este blog ten un enlace na páxina web do centro. O material pode ser usado en calquera materia ou titoría.

**Realización de varias actividades previstas:**

- Darlle continuidade o obradoiro de tarefas domésticas.

- Lecturas de igualdade ao alumnado de Infantil.

-Realización dun concurso de fotografías coa temática das mulleres.

-Creación de un logotipo de igualade do noso centro.

-Visionado de películas de igualdade nas diferentes materias.

## 8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

Para asegurar o éxito do Plan é necesario facer un seguimento do mesmo ao longo do curso e ademais poranse en marcha estratexias de avaliación que dean resposta ao grao de consecución dos obxectivos propostos, a idoneidade das actuacións programadas e dos recursos utilizados, a eficacia dos mecanismos de difusión, coordinación e organización interna, resultado de participación de alumnado e profesorado nas actividades propostas, etc. Para esta avaliación do Plan de Igualdade utilizarase a observación sistemática e directa, rexistro das actividades, reunións con titores/as e con os profesores e profesoras, enquisas e sondaxes. Ao final do curso realizarase un informe sobre a evolución do Plan, Informe Anual, as actividades desenvolvidas, grao de consecución dos obxectivos propostos, e proposta de mellora para o curso seguinte. Este informe será incluído na Memoria Final.

## 9. INCLUSIÓN NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

O Plan de igualdade incluirase como anexo da Programación xeral anual.

Coordinadora do Plan de Igualdade: Isabel Lúa Fernández

# PLAN DIXITAL

**PAN DIXITAL DO CENTRO**

Para ver o plan dixital do centro é preciso entrar na aplicación educalidade, xa que non permite crear informes.

https://www.edu.xunta.gal/educalidade/

e buscar o centro co seguinte código 27007788 - CPI Plurilingüe de Navia de Suarna

A ligazón directa ao Plan Dixital do Centro é esta:

https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=27007788

**A consulta é publica, calquera persoa pode acceder a este documento na ligazón arriba indicada.**

**Un copia e pega do Plan Dixital alí recollido é isto:**

1.1. Datos básicos do centro
Nome: CPI Plurilingüe de Navia de Suarna
Direción: Rúa Pallarón s/n 27650 A Proba de Navia
Correo electrónico: cpi.naviadesuarna@edu.xunta.gal
Páxina web: http://www.edu.xunta.gal/centros/cpinaviadesuarna

O CPI plurilingüe de Navia de Suarna consta, por catálogo, de 2 unidades de Educación Primaria e 4 de ESO.
No curso 2023-24 a matrícula é de:

- 13 alumnos/as de EI
- 13 de EP
- 6 de ESO

Profesorado:

3 mestras especialistas (inglés, educación física e educación infantil) en EP
1 profesora de relixión en EP
11 profesores de ESO
1 PT e 1 AL

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.2.1 Descrición xeográfica da comarca

O CPI Plurilingüe de Navia de Suarna atópase situado na capital do concello de Navia de Suarna. Trátase dun concello situado na área montañosa da Galicia oriental, concretamente na zona setentrional da Serra dos Ancares. Ten unha superficie de 242 km2 distribuíndose as úa escasa poboación de forma moi diseminada en 20 parroquias e 103 lugares, feito que provoca unha baixa densidade de poboación.

Trátase dunha comarca moi accidentada na que predomina unha paisaxe montañosa formada polas estribacións da Serra dos Ancares ao Sur e Leste e polas pequenas aliñacións con dirección NO-SE pertencentes ás Serras de Pedruñais e á de Meira na parte occidentais do concello. Estas zonas montañosas alternan coa zona formada polo val do río Navia, profundamente encaixado, que cruza o termo municipal de SO a NE no que existe unha ampla zona de terreos aptos para o cultivo.

Demograficamente, o concello de Navia, ao igual que moitos outros concellos da Galicia interior, ven perdendo de forma moi significativa poboación, froito de factores como a dureza das condicións orográficas e climáticas da zona e tamén por factores extrínsecos coma o proxecto de creación do encoro do Gran Suarna que limitou as posibilidades tanto económicas como demográficas de todo o concello. Na actualidade o seu censo segundo o INE a 1 de xaneiro de 2019 é de 1081 habitantes dos cales 600 son homes e 481 mulleres. Esta poboación está en gran medida envellecida.

**1.2.2 Análise do contexto socioeconómico**

Coa excepción ao pequeno comercio da vila de Navia, a base económica do concello baséase sobre o sector primario, fundamentalmente na agricultura e a gandería. A pesar da extensión do concello a superficie cultivada só supón aproximadamente o 11,4%. A superficie adicada a prados e pastos constitúe preto do 10%, mentres que a superficie forestal esténdese case polo 76% da superficie, o que indica a importancia do sector forestal como fonte de ingresos das familias labregas. Outro alicerce da economía naviega é o gandeiro destacando o vacún, ovino e porcino. Alén disto, ten certa relevancia tamén o sector forestal, da construción e o sector servizos.

1.3. Breve xustificación do mesmo:

- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 37.1. do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O que recollen ditos artigos é o seguinte:
"Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións"

Nas normativa de desenvolvemento dos anteriores Decretos, concrétase a estrutura, que como mínimo debe contemplar o PD, no seguinte articulado:

- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 18 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 21 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar o PD creouse un grupo de formación permanente do profesorado integrado polos membros do equipo directivo cuxo coordinador foi o director.

Da elaboración da documentación do PD encargouse o coordinador TIC, que tamén o é do devandito plan. Os membros do Claustro unicamente participaron cando se requiriu a súa colaboración para realizar algunha enquisa, ben para o SELFIE e/ou para o test CDD do DAFO. O plan de acción foi integramente elaborado polo coordinador coa colaboración do director.

**Autoavaliación SELFIE**

**Test CDD:**

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

2.3. Distribución do profesorado por niveis

INTERNO

Resultados da busca

| DAFO | Descrición | Categoria | Obxetivos |
|---|---|---|---|
| Debilidade | Tratamento das licenzas e dereitos de autoría (A5) | Alumnado | Non |
| Debilidade | Tratamento das licenzas e dereitos de autoría (A5) | Familias | Non |
| Debilidade | Fractura dixital: baixa (ou moi baixa) competencia dixital das familias. | Familias | Non |

| DAFO | Descrición | Categoria | Obxetivos |
|---|---|---|---|
| Debilidade | Participación das familias. | Familias | Non |
| Debilidade | Equipos obsoletos (nalgúns casos) (C1-C2) | Infraestruturas | Non |
| Debilidade | Recursos das editoriais E-DIXGAL deficientes ou moi deficientes nalgún caso (inglés) (E1-E5) | Oferta | Non |
| Debilidade | Repositorios ABALAR: desfasado e obsoletos. (E1-E5) | Oferta | Non |
| Debilidade | Maqueta ABALAR: demasiado ríxida. O coordinador (sempre e cando teña coñecementos (e supóñenselle) debera poder ter acceso como superusuario ou administrador (A3) | Oferta | Non |
| Debilidade | Poucos materiais adaptados á realidade rural galega (incluído o uso do idioma) (E1-E5) | Oferta | Non |
| Debilidade | Sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro | Organización de centro | Non |
| Debilidade | Falta (moi grande) de formación do profesorado. Baixa competencia dixital en xeral (D1-D2) | Persoal docente | Non |
| Debilidade | Tratamento das licenzas e dereitos de autoría (A5) | Persoal docente | Non |
| Debilidade | Reticencia ás novas tecnoloxías e posición acomodaticia (facer as cousas como sabes de sempre sin ¿asumir riscos¿) (A3-B1-B2-B3-D1-D2-D3-E1-E2-E3-F6) | Persoal docente | Si |
| Debilidade | Creación de contidos dixitais (E2) | Persoal docente | Non |
| Debilidade | Avaliación [G(todas)] | Persoal docente | Non |
| Debilidade | Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino (A4) | Persoal docente | Non |
| Debilidade | Mobilidade do profesorado: normalmente pouco persoal definitivo e con estadías curtas no centro (A3-B1-B2-B3-D1-D2-D3-E1-E2-E3-F6) | Persoal docente | Non |
| Debilidade | Persoal sin estabilidade e compartido con outro centro | Persoal non docente | Non |
| Fortaleza | Son coñecedores das ventaxas do uso do software libre no ámbito educativo e dispoñen e fan uso desas ferramentas no centro (H) | Alumnado | Non |
| Fortaleza | Dispositivos a disposición do alumnado. Aulas E-DIXGAL [C8-C10-C13-H(todas)] | Alumnado | Non |
| Fortaleza | Promove o desenvolvemento persoal do alumnado (H) | Alumnado | Non |
| Fortaleza | Dispositivos dixitais para o ensino. Aulas E-DIXGAL (C1-C2) | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Dispositivos a disposición do profesorado. Aulas E-DIXGAL (C1-C2) | Infraestruturas | Non |

| DAFO | Descrición | Categoria | Obxetivos |
|---|---|---|---|
| Fortaleza | En resumo: temos aulas E-DIXGAL [C(todas)] | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Dispositivos a disposición do alumnado. Aulas E-DIXGAL (C10) | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Espazos físicos axeitados e suficientes (porque hai moi pouco alumnado). (C14) | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Recursos educativos online. (E1) | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Acceso a internet. Aulas E-DIXGAL (C3) | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Apoio técnico. Aulas E-DIXGAL (C5) | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Aulas E-DIXGAL [C(todas)] | Oferta | Non |
| Fortaleza | Comunicación ben organizada e regular coas familias (E4) | Organización de centro | Non |
| Fortaleza | Aulas E-DIXGAL [C(todas)] | Organización de centro | Non |
| Fortaleza | Dispositivos a disposición do profesorado. Aulas E-DIXGAL (C1-C2-C10) | Persoal docente | Non |
| Fortaleza | Comunicación coa comunidade educativa (E4) | Persoal docente | Non |
| Fortaleza | (Actualmente) competente no manexo de paquete ofimático e programas propios da administración educativa | Persoal non docente | Non |

EXTERNO

Resultados da busca

| DAFO | Descrición | Categoria | Obxetivos |
|---|---|---|---|
| Ameaza | 1. Imposición de burocracia 2. Pódese converter nun elemento valeiro na programación 3. A dotación económica para gastos de funcionamento xeral: durante os últimos dez anos o centro recibiu aproximadamente 9000€ de media por exercicio, cuantía ridícula e que se destina practicamente na súa totalidade para a adquisición de combustible para calefacción. | Administración educativa | Non |
| Ameaza | Ausencia de ANPA ata o curso pasado | ANPA | Non |
| Ameaza | 1. Acceso a internet deficiente (C3) 2. Condicións socioeconómicas desfavorables (nalgúns casos) 3. Condicións demográficas: despoboaciónJ 4. Falta de empresas e oportunidades na zona (A6) | Contorna | Non |
| Ameaza | 1. Imposición de burocracia 2. Cambios normativos 3. Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo | Lexislación | Non |
| Ameaza | Falta de tecido empresarial na zona (A6) | Outras | Non |
| Oportunidade | 1. A administración educativa aposta por isto [C(todas)] 2. É un incentivo para mellorar a calidade educativa (A3) | Administración educativa | Non |
| Oportunidad | Dispositivos dixitais a disposición das familias | Contorna | Non |

| DAFO | Descrición | Categoria | Obxetivos |
|---|---|---|---|
| e | por mor das aulas E-DIXGAL (C2-C8-C10) | | |

Nun centro tan pequeno e coa idiosincrasia do CPI de Navia: a maioría do profesorado non é definitivo e con tan pouco alumnado, as ferramentas empregadas non son as axeitadas e dan lugar a resultados sesgados e non fiables.

Listaxe de obxectivos

| Código | Obxetivo | Opcións |
|---|---|---|
| O01PD | Formar ao profesorado na realización de proxectos co material de Polos Creativos. | |
| O02PD | Actualizar a páxina web do centro. | |
| O03PD | Inventariar o material dixital do centro. | |
| O04PD | Analizar a utilización (e percepción de utilidade das súas ferramentas) da Aula Virtual do centro e de E-DIXGAL. | |
| O05PD | Formar ao profesorado na utilización e uso didáctico dos paneis interactivos instalados nas clases | |

AVALIACIÓN

Realizarase un seguimento trimestral do Plan de Acción para medir o grao de consecución dos obxectivos e comprobar a efectividade das accións deseñadas a partir dos indicadores específicos que axudarán a determinar se os obxectivos propostos foron acadados e se é necesario realizar variacións no plantexamento destas acción ao longo do curso para que as propostas se materialicen. Coa análise destes indicadores, elaborarase un informe final no que se recolleran os resultados e se realizarán propostas de mellora para os cursos posteriores e que figurará na memoria final do centro.

En función das áreas que o precisen, formularanse de novo para actualizar o PD.En canto á implemenación do Plan, en caso de ser necesario poderá reorganizarse ou reelaborarse a estrutura do mesmo para unha correcta implementación.

Visitas ou videoconferencia co mentor ADIX (o que realmente axuda a completar esta burocracia inútil)

PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN

**Avaliación procesual:** realizarase como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- **Avaliación final:** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

Este PD publicarase na páxina web do centro, no apartado "Proxectos institucionais do centro". Asemade incluirase, co resto da documentación (SELFIE, test CDD, DAFO e Plan de acción no curso (Plan dixital do centro) creado na aula virtual no apartado "Cursos para o profesorado".

# CONCRECIÓN ANUAL PAD E ORIENTACIÓN

**CONCRECIÓN ANUAL MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**Actuacións para o curso 23-24:**

1- Modificar o Plan de Atención á diversidade para adaptalo ao establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011.

2- Organizar, coordinar e establecer os apoios dos especialistas PT/AL. A partir das necesidades detectadas do curso anterior e as derivadas da avaliación inicial organizarase o plan de apoios ao alumnado.

3- Elaborar os plans de recuperación de materias pendentes na ESO, así como o plan de recuperación.

4- Aplicar diferentes probas e baterias psicopedagóxicas ao alumnado de forma grupal para detectar necesidades e dificultades especialmente no ámbito das aprendizaxes instrumentales.

5- Desenvolver a través das titorías e de xeito transversal programas para desenvolver a capacidade atencional, as funcións executivas, autorregulación das aprendizaxes.

6- Desenvolver a través das titorías e de xeito transversal programas para optimizar os procesos lecto-escritores, tanto no referido á mecánica, comprensión como expresión e produción oral

7- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que se requirán (ou actualizalas de ser necesario)

8- Establecer mecanismos de coordinación co UACO da zona para tentar solventar problemáticas de carácter sociofamiliar existentes.

9- Respecto á orientación académica e profesional, o orientador directamente durante 8 sesións de titoría traballará co apoio da aula virtual do centro e doutros sites de internet a información e toma de decisións do alumnado de 2º e 4º da ESO

10- Durante o 1º trimestre do curso modificarase o POAP para adaptalo a realidade do centro actual (número de alumnado, profesorado, ...)

**Avaliación da concreción anual do PAD e actuacións do D.O.**

1- Trimestralmente os PT/AL elaborarán un informe conforme ao modelo establecido no PAD coas medidas e necesidade do alumnado que atenden.

2- Nas reunións de departamento e nas sesións de avaliación estableceranse os axustes necesarios na resposta ao alumnado.

3- Ao remate de curso a memoria final do departamento didáctico recollerá unha valoración e as propostas de mellora para o curso seguinte.

4- De cara aos programas específicos de mellora da atención, funcións executivas e lectura compararemos as resultados do alumnado antes e despois da intervención.

# PLAN BILIOTECAS E PLAN LECTOR

**ANEXO VI**

## LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2023/24 (CENTROS XA INTEGRADOS NO PLAMBE)

**Centro: CPI Plurilingüe de Navia de Suarna Código: 28007788**

**Localidade: Navia de Suarna Provincia: Lugo**

### 1 - Organización e xestión.

Este ano queremos renovar no PLAMBE pero sendo máis humildes e aprendendo das nosas erratas. O primeiro queremos retomar todas esas cousas que non se fixeron con respecto ao funcionamento, formación de usuarios... que resultou imposible entre tanto expurgo e movemento de libros. Vendo o difícil que foi darlle unha unión ao proxecto e como nos desviamos totalmente da idea orixinal, este curso queremos volver a ser eixe vertebrador da vida do centro pero desde a biblioteca sen ser un proxecto de centro. É dicir, ter un tema que guíe a biblioteca para o curso e por suposto invitar ao profesorado que queira participar e non intentar centralizar ou facer un produto final.

Pensamos que vai ser máis fácil de levar para todos e xenerar menos rechazo por parte do profesorado.

O equipo directivo comprometeuse a establecer nos horarios e na PXA un plan de actuación do equipo de biblioteca onde queden claras as funcións, responsabilidades, tarefas,... do equipo e de cada un dos seus membros.

Intentaremos coordinar as actividades a levar a cabo para que cada ciclo poda organizarse. Isto require da implicación do claustro para poder realizalo de forma satisfactoria. Teremos que organizar horario de uso da biblioteca e o funcionamento desta no período lectivo. O equipo realizara as tarefas de catalogación de fondos, pero tamén: maquetación da revista Sendiñela, actualización dos blogs, facebook da biblioteca, instagram, web do centro, recomendacións de lecturas para as vacacións.

Continuaremos coa descentralización dos fondos a través dos POLEIROS CREATIVOS. Para o vindeiro curso continuaremos e crearemos a aula do club de lectura da ESO. Polo tanto teremos que mercar algún moble.

Tamén queremos dar continuidade ao mes da ciencia que deu moito xogo. Desde retos matemáticos, ata un montón de experimentos que realizaron os maiores para o resto do cole. Fixemos papel reciclado cos máis pequeniños. Realizamos unha exposición de antigüidades ou descubrimos o mundo dos insectos.

### 2- Dinamización recursos da biblioteca

Para dar a coñecer a nosa actividade empregamos principalmente o Facebook e os blogs da biblioteca: Plambe CPI Plurilingüe de Navia de Suarna, Club de lectura O Semilleiro das Follas Bravas e Club de lectura Follas Bravas. Estas páxinas están enlazadas na web do cole coa finalidade que todas as persoas poidan acceder a elas en calquera momento. Pódese atopar todas as fotos, vídeos (moitos deles compartidos no YouTube do cole), actividades, concursos... que realizamos ao longo do curso. Expoñemos os traballos nos diferentes taboleiros que se atopan polos corredores do centro. Parte das actividades veñen resumidas na revista_Sendiñela que regalamos a toda a comunidade educativa.

**3 - Formación de usuarias/os.** As liñas prioritarias serán:

- Normas da biblioteca consensuadas co alumnado.
- Aprender a clasificar e buscar libros. Como funciona a CDU. Renovar os carteis da biblioteca con un concurso de deseño
- Formación de alumnado voluntario:
  - Condicións de préstamos e devolucións.
  - Normas da biblioteca.
  - Colocación de libros e material audiovisual e sonoro nos andeis.
- Formación do profesorado de garda: reunión co profesorado con carga horaria na biblioteca para que poida colaborar nas tarefas de préstamo e no bo funcionamento e organización da biblioteca.
- En colaboración co Equipo TIC e dentro do plan dixital do centro está como unha actuación desenvolver o espírito critico do alumnado especialmente no referido á información da web e redes sociais, polo que imos realizar conxuntamente actividades en EP e na ESO para formar ao alumnado no uso das redes sociais, desenvolver competencias para a selección e diferenciación da información, fontes fiables, fake news, feitos, opinións, ...
- Programas de formación para a competencia informacional e mediática.

**4- Fomento da lectura:** As liñas prioritarias serán:

1. Fronte ao mundo dixital estamos decididos a chegar ata o noso alumnado. Para iso queremos usar o mundo da banda deseñada desde a Biblioteca como eixe para programar o curso e poñernos como reto aumentar a práctica lectora, potenciar a través das imaxes, a imaxinación e o espírito critico unha lectura activa e participativa. Estamos convencidos do valor pedagóxico da banda deseñada. O club de lectura de primaria e da ESO van centrarse na banda deseñada e intentaremos realizar ao longo do curso actividades en relación con este tema. Desde invitar deseñadores ata facer algún obradoiro.

2. Este curso seguimos fomentando a lectura a través dos Club de lectura e da hora de

ler que foi moi produtiva. Iniciámonos no mundo do teatro e foi unha gran sorpresa ver o ben que respondeu o alumnado de primaria. Por suposto que seguiremos nese sentido. De feito pensamos empezar co libro *Patio de luces* de Érica Esmoris e facer unha adaptación teatral dos personaxes.

3. Creación de apadriñamentos de lectura tanto por parte de alumnado máis maior como por parte do profesorado

4. Tamén queremos poñer a andar as mochilas por temática xa que pensamos que poden ser moi interesantes. Para o alumnado: mochila científica, mochila artística, mochila manualidades, mochila contos tradicionais. Tamén temos unha mochila para pais con libros sobre educación, educación emocional... E finalmente a mochila das mulleres que leva libros sobre o corpo da muller, lecturas de mulleres libres e loitadoras. Non se trata de facer feminismo senón de igualdade real. De feito esta mochila está pensada para homes e mulleres.

**5- Biblioteca inclusiva.** As liñas prioritarias serán:

- Seguir coa adquisición de material para as novas seccións de Igualdade e Coñécete

- **Traballando a igualdade desde a biblioteca:** Seguiremos tratando este tema xa que nos parece de máxima importancia. Queremos continuar con iniciativas semellantes as desenvolvidas este curso o Día das Autoras a lembrar todas as mulleres que foron vítimas indirectas das guerras. Testemuños das nosas avoas continuado a relación coas usuarias da residencia de maiores, investigacións como as das mulleres pioneiras que viaxaron polo mundo, ...

**6- Outras actuacións.**

- Poñer en valor a biblioteca histórica nun sitio que permita gozar dela sen danala.
- **Visita de autores:** Encántanos poder ter estes encontros de tu a tu onde o alumnado pode ver que detrás dos libros, escondesen persoas reais e sinxelas coas mesmas preocupacións e con vidas moitas veces similares.
- As actividades da biblioteca e as do Equipo de Dinamización da Lingua galega e do Equipo de Igualdade estarán coordinadas, e de ser posible incorporaremos ao coordinador do EDLG (que está pendente de nomear para o vindeiro curso) ao equipo de biblioteca.
- Curtas promocionando Navia e os Ancares. Unha versión da Senda Litoral pero co patrimonio das aldeas dos noso alumnado como protagonistas: hórreos, capelas, fontes, tradicións orais, ... seguindo o fío e aproveitando o que xa fixemos no libro o Fardelo das Tradicións e a Exposición Arquitectura Terra de Navia
- Continuar coas actividades Digicraft, programación scratch no Poleiro Creativo que preparamos este curso.

- Seguimos coa colaboración dunha nai (Ana Cadenas) nas gardas da biblioteca e seguir coas obras de teatro.
- Implicación das familias e do profesorado nos contacontos.
- Creación de unha sección con materiais seleccionados para os pais que faremos chegar coas mochilas por temática e dándolle tamén a oportunidade ao alumnado de preparar unha mochila a súa familia.
- Seguir colaborando coa furgoteca que ven días ao mes por Navia de Suarna.

## 7- Avaliación

Realizaremos unha avaliación inicial para ver a situación da biblioteca e unha avaliación continua que nos vai permitir adaptar, reconducir, axustar as propostas de traballo e actividades que imos realizar ao longo do curso. Faremos unha autoavaliación e unha avaliación por parte do alumnado para detectar os nosos puntos débiles, os mellorables e os fortes. Analizaremos os seguintes criterios:

- *Consecución dos obxectivos ideados*
- *Temporalización das actividades*
- *Traballo cooperativo do alumnado*
- *Adecuación dos espazos*
- *Participación da comunidade educativa*
- *Adecuación dos recursos*
- *Indicadores de logro de libros emprestados*
- *Indicadores de logro de familias participantes*

## 8- Recursos humanos

A biblioteca permanecerá aberta de 09.45 a 16:00 A coordinadora disporá de todas as horas posibles que o horario do centro o permita e o equipo de apoio tamén disporá de horas dentro das posibilidades do centro.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal

## PLAN BIBLIOTECA ESCOLAR e PLAN ANUAL DE LECTURA

### 5.1 Equipo da Biblioteca

**Isabel Luna Fernández** (Coordinadora biblioteca e PLAMBE e do Club de lectura de EI e EP o Semilleiro das Follas Bravas)

**Concepción Piñeiro Rodriguez** (responsable do Club de lectura Follas Bravas)

**Francisco Trashorras Lodos** (Orientador)

**Rosalía Pérez Gómez** ( Inglés EP)

**Andrés Martínez Valiño**

**Félix Prieto García**

**Sabela**

**Ana Cadenas (Nai voluntaria)**

### 5.2 Finalidades

Este proxecto deberá cumprir uns obxectivos que responderán a tres finalidades básicas:

- Apoiar ás distintas áreas e departamentos didácticos para desenvolver o Proxecto Documental Integrado incluído no proxecto PLAMBE
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura entre o alumnado do Centro educativo.
- Levar a cabo un maior e mellor aproveitamento e redeseño do espazo da biblioteca cos fondos PLAMBE para que sirva de complemento á práctica docente e se convirta no corazón do centro.

### 5. 3 Obxectivos:

As actividades propostas organizaranse en base aos seguintes obxectivos:

- Xestionar aspectos técnicos e organizativos da biblioteca.
- Dinamizar o uso da biblioteca.
- Fomentar o hábito e o gozo da lectura, centrándonos este curso preferentemete no mundo da banda deseñada.
- Potenciar o papel da biblioteca como centro de recursos e información.
- Formar usuarios competentes e con espírito crítico.
- Os obxectivos incluídos no PLAMBE e nos club de lectura (ver documentos Plambe e club de lectura O semilleiro de Follas Bravas)

### 5.4 Actividades:

- Cooperar na hora de lectura diaria en Educación Primaria
- Creación de rincóns de lectura na biblioteca e nos poleiros creativos de EP (aulas anexas)
- Continuar coa catalogación, clasificación dos fondos.

- Formación dos novos membros do equipo da biblioteca en tarefas propias do mesmo.
- Controlar as necesidades de material e, no seu caso, decidir as adquisicións a realizar.
- Realizar unha enquisa para coñecer a realidade lectora do alumnado e do seu ámbito máis próximo.
- Coordinación das actividades propostas polas áreas e departamentos didácticos.
- Actualización da guía de uso da biblioteca escolar.
- Actualización da páxina web e blogue da biblioteca.
- Elaboración de guías de lectura en datas sinaladas do calendario escolar.
- Visitas guiadas para explicar o funcionamento da biblioteca.
- Realización de actividades para afianzar os aspectos tratados nas visitas guiadas de cara a formar usuarios competentes.
- Poñer en marcha un mercadiño de intercambio de libros.
- Actividade para o desenvolvemento do Tratamento da información e competencia dixital e alfabetización informacional.
- Apoio ao funcionamento do Clube de lectura " O Semilleiro de Follas Bravas"

**5.5 Horario de biblioteca:**

A biblioteca estará aberta e a disposición do alumnado nos recreos

Nos períodos de lecer de despois de comer unha nai voluntaria Ana Cadenas que ten experiencia dinamizadora de lectura encargarase de potenciar entre o alumnado de EP e EI hábitos lectores, dinámicas educativas, expresións oral e dramatizacións, ...

## PLAN ANUAL DE LECTURA

Como se reflicte no Proxecto Lector de Centro, a biblioteca escolar desenvolve unha tarefa dinamizadora que lle aproxima os seus fondos aos diferentes membros da comunidade educativa. Así mesmo serve para potenciar a lectura e o manexo de información entre o alumnado do centro, xa que logo, pretende os seguintes obxectivos para o presente curso 23-24:

- Estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa, facilitando o acceso igualitario aos recursos e fondos da biblioteca e , en xeral, do centro.

- Favorecer a mellora da súa competencia na expresión oral e escrita.

- Potenciar as habilidades no proceso de busca de información, tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías, favorecendo así a aprendizaxe autónoma (aprender a aprender).

- Organizar espazos e tempos para a lectura tanto na biblioteca, como nas aulas como nos "poleiros" as aulas anexas que preparamos o curso pasado onde o alumnado poderá ler, xogar de xeito máis cómodo.

-Achegarlles a biblioteca escolar ás familias e a outros organismos públicos ou privados da vila.

**ACTIVIDADES PROGRAMADAS:**

Día das bibliotecas
Semana do Samaín
Semana da Violencia de Xénero,
Charla cos maiores e xogos tradicionais,

Celebración de nadal,
Amor sen etiquetas (San Valentin)
Letras Galegas
Día de Rosalía de Castro
Semana do Libro
Semana das mulleres autoras
Semana do medio ambiente

**IMPLICACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO E OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

O club recibe o apoio do resto dos compañeiros e compañeiras do centro. O club de lectura vai contar, unha vez máis, este curso coa nosa conserxe, Raquel González Díaz, ávida lectora que nos vai comentar as súas lecturas preferidas. Ademais, tanto o EDLG coma o club van colaborar desde o primeiro momento nas distintas actividades que se organicen no centro para potenciar o uso da lingua galega.

Tamén vai colaborar de luns a mércores nos recreos de despois de xantar unha nai na atención á biblioteca.

Como en anos anteriores convidaremos periodicamente aos pais/nais do noso alumnado para que continue a lerlles contos ao alumnado prelector de EI e alumnado de 1º ciclo de EP

**MEDIOS UTILIZADOS PARA A SÚA DIFUSIÓN:**

Información ao Claustro e ao Consello Escolar, cartesis publicitarios nos taboleiros e dípiticos, revista Sendiñela e difusión na rede :

https://plambecpinaviadesuarna.blogspot.com/
https://semilleirodasfollasbravasnavia.blogspot.com/
http://follasbravasnavia.blogspot.com/
https://www.facebook.com/bibliotecacpinaviadesuarna
http://www.edu.xunta.gal/centros/cpinaviadesuarna/
http://www.edu.xunta.gal/centros/cpinaviadesuarna/taxonomy/term/153 (ligazón a revista sendiñela na web do centro)

# CLUB DE LECTURA

# PROXECTO CLUB DE LECTURA "O SEMILLEIRO DAS FOLLAS BRAVAS"
# DO CPI PLURILINGÜE DE NAVIA DE SUARNA CURSO 2023-2024

**NOME DO CLUB:**

"**O semilleiro das Follas Bravas**" que dá continuidade ao nome do grupo da ESO.

BREVE HISTORIA DO CLUB:

O club orixinalmente foi pensando sempre para a ESO e levaba o nome de "Follas Bravas" pero co tempo nos dimos conta que non funcionaba correctamente. Asi que decidimos apostar polo alumnado de primaria.

Á hora de deseñar o Club tivemos varias dúbidas. Dende como organizalo ata que queriamos transmitir nese club. Fomos tecendo ideas e contrastando co profesorado de Primaria ata darlle forma ó noso semilleiro.

A semente deste club nace da necesidade de adaptarnos á realidade do noso centro e contorna; o CPI Plurilingüe de N*avia de Suarna ten en total 13 alumn@s en primaria:*

1° de EP: 1 alumna e 1 alumno , 2° de EP: 2 alumnas, 3° de EP: 2 alumnas e 1 alumno

4° de EP: 1 alumna e 3 alumnos, 5° de EP: 1 alumno, 6° de EP: 1 alumno

O que tiñamos claro é que o club de Primaria ten que funcionar como fío condutor e vertebrador xa que conecta o alumnado máis pequeno de Infantil co alumnado de Secundaria, dando así continuidade a todo o proxecto. Dende o noso centro entendemos que achegarlles a lectura aos máis pequenos é o primeiro paso para que sexan lectores autónomos no futuro. Do mesmo xeito, unha vez que o alumnado abandone a etapa de Educación Primaria, terán no club de Secundaria a continuación perfecta para seguir lendo e gozando cos libros pero dende unha perspectiva máis crítica, inherente á adolescencia. Polo tanto ideamos un Club de lectura pensado en primaria pero que ten dúas subseccións moi importantes: Infantil e ESO.

Seccións do Club de lectura:

a) Subsección de infantil do Club "O Semilleiro das Follas Bravas":

As sesións dedicadas a este grupo baséanse en contacontos de temática de Igualdade. Todo o profesorado e as familias teñen a oportunidade de participar voluntariamente nestas sesións. Despois da lectura ten lugar un pequeno coloquio, onde compartimos impresións e vivencias sobre a historia.

b) Subsección da ESO do Club "Follas Bravas":

Este curso seguiremos co Club "Follas Bravas". A formula do curso pasado tivo bastante éxito, asi que darémoslle continuidade: as sesións terán lugar na biblioteca e realizaremos 2 reunións por trimestre xa que unha mensual se fixo un pouco complicado o curso pasado. Este ano temos como fío condutor a banda deseñada na biblioteca e imos aproveitar para facer lectura de cómics. Temos pensando adicarlle as reunións a banda deseñada francófona, BD española, os mangas, BD de acción, BD de aventuras, BD de adulto, BD de superheroes e tamén pensamos facer algunha sesión con películas baseadas en banda deseñada. No Club participaran de forma voluntaria profesores e quedaran reflectidas no

blog as diferentes actividades realizadas.

## FINALIDADE DO CLUB: relación co Proxecto lector e a biblioteca escolar.

Queremos que o alumnado goce da lectura e poida viaxar e transportarse cos libros, pero tamén que ó club teña un toque "social", que sexa un momento de convivencia, de compartir sensacións e por enriba de todo poder falar das cousas que nos chegaron da lectura. Descubrir a diversidade dos libros, axudarlles a pasar dunha lectura pasiva a unha activa e desenvolver o pracer de ler son basicamente os nosos obxectivos. Creando un vínculo entre os participantes do club sen ser os establecidos dentro da aula co profesorado. Resumindo, enriquecernos da experiencia de ler xuntos. Por esta razón vai ir moi ligado coa **igualdade** xa que é o espazo perfecto para traballar as emocións, ensinar valores fundamentais para a vida, traballar a educación intercultural e a integración pero sobre todo o respecto.

Como se reflicte no Proxecto Lector de Centro e no Plan Anual, a biblioteca escolar desenvolve unha tarefa dinamizadora que lle aproxima os seus fondos aos diferentes membros da comunidade educativa. Así mesmo serve para potenciar a lectura e o manexo de información entre o alumnado do centro, xa que logo, pretende:

- Estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa, facilitando o acceso igualitario aos recursos e fondos da biblioteca e , en xeral, do centro.
- Favorecer a mellora da súa competencia na expresión oral e escrita.
- Potenciar as habilidades no proceso de busca de información, tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías, favorecendo así a aprendizaxe autónoma (aprender a aprender).
- Organizar espazos e tempos para a lectura.
- Achegarlles a biblioteca escolar ás familias e a outros organismos públicos ou privados da vila.
- Presentar a lectura como un recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural dos individuos.

O club de lectura axuda, por un lado, a dinamizar a biblioteca do noso centro e, polo outro, a fomentar o seu uso entre todos os membros da comunidade educativa. Permítenos acceder aos coñecementos que necesitamos nun momento dado e especialmente a mellorar as relación sociais achegando profesorado, alumnado e persoal non docente.

## ACTIVIDADES PREVISTAS:

O Club de lectura vai participar activamente nas diferentes celebracións que realice a biblioteca, axudando a decorar e organizar as actividades previstas na biblioteca como poden ser: a semana do Samaín, a semana da Violencia de Xénero, charlas cos maiores, a celebración de nadal, a semana do libro, o San Valentín, o Día de Rosalía, as Letras Galegas... Faremos diferentes actividades como asembleas no recuncho da lecturas, expresión corporal, teatralización, murais, xogos de pista, técnicas de relaxación, realización de receitas, facer vida de biblioteca: organizar, xogar...

## ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE IMPULSO Á LECTURA EN GALEGO

Imos darlle un peso importante á lectura en galego, queremos padear os contos na nosa lingua. Usar o galego de forma cotiá é algo que teñen interiorizado na nosa contorna pero a

literatura parece ser aínda o bastión da lingua castelá. Queremos que descubran e gocen do mundo en galego. Teremos especial coidado en elixir obras entretidas en galego.

## ACTIVIDADES PARA ESTIMULAR A PARTICIPACIÓN DE VARÓNS/FAMILIAS (SE AS HOUBER)

O Club está composto pola totalidade do alumnado de primaria: 7 rapaces e 6 rapazas. É verdade que notamos que os rapaces son menos lectores que as nenas pero pensamos que coa introdución da banda deseñada podemos conseguir atrapalos no marabilloso mundo da lectura. As familias seguen sendo o noso talón de Aquiles xa que nos enfrontamos a un entorno moi pouco lector e pouco participativo. Pero seguiremos intentando atraelos.

## ACTIVIDADES PARA INCENTIVAR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Non temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:

### Onde?

Imos realizar as xuntanzas na biblioteca e nas aulas anexas a biblioteca que dispoñen dun recuncho lector. Sempre de forma informal e non descartamos a posibilidade de facelas fora os días de sol.

### Encargadas:

O Club está composto ppola coordinadora da biblioteca: Isabel Luna e unha nai voluntaria: Ana Cadenas. Este ano estamos moi contentas de poder contar coa axuda da PT: Sabela Díaz que vai facer un traballo previo ao Club. Tamén contamos coa axuda de Concepción Concepción Piñeiro Rodríguez para o Club dos maiores.

### Funcionamento:

1) O club terá un carácter voluntario. Non queremos que asocien as actividades coa obriga de ler.

2) O club de Primaria estará dividido por idades: un primeiro grupo co alumnado de 1.º-2.º e 3º de Primaria e un segundo grupo co de 4.º- 5.º e 6º de Primaria. Esta división vainos permitir traballar de forma adecuada ás súas idades. Co primeiro grupo seguiremos traballo co teatro xa que deu moi bos resultados o curso pasado e sobretodo é unha petición pola súa parte. Co segundo grupo traballaran varios libros e faremos tamén lectura de banda desañada por temática como no club dos maiores.

3) Seguiremos co blog que se chama "**O semilleiro das Follas Bravas**" no que aparecerán claramente diferenciados os espazos de cada grupo de Primaria. E un subgrupo dedicado a Infantil. Incluiremos: fotos das actividades realizadas nos diferentes grupos, enlaces aos contos, recensión dos libros, audiolibros feitos por nós, trabalinguas, recomendacións para as familias, ranking dos libros lidos...

4) Aínda que por temas de sanidade non abusaremos das larpeiradas nas xuntanzas mensuais, nos días de celebracións seguramente que o doce fará parte das nosas reflexións!

5) Darémoslle un peso bastante importante á lectura dramatizada. Despertando a imaxinación, a creatividade e a fantasía. Entrando noutros mundos reais ou fantásticos. Trátase de chegar á lectura con técnicas sinxelas e divertidas adecuadas aos participantes.

6) Invitaremos os familiares a participar activamente nas reunións do club: esperamos

poder contar coa súa colaboración e participación. Agardamos calquera proposta pola súa parte tamén.
7) "Lectoaxudantes": O alumnado da ESO poderá "apadriñar" o alumnado de Infantil ou de Primaria. Trátase que no tempo de lecer, de forma voluntaria, poidan ir ler un ratiño con un compañeiro de Infantil ou Primaria.

## HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓNS DE CARÁCTER PRESENCIAL.

- Faranse o derradeiro xoves a segunda hora no caso do primeiro grupo e os venres a segunda hora para o segundo grupo.
- Os días previos aos grandes festivos como Nadal, Entroido, Semana Santa... Estes días serán compartidos co club de lectura dos maiores dando sensación de continuidade entre os clubs. Ó ser previo a festivos, aproveitaremos para realizar actividades que impliquen máis tempo como xogos de pista, busca de tesouros, películas, actividades gamificadas...

## MEDIOS UTILIZADOS PARA A SÚA DIFUSIÓN:

- Información ao Claustro e ao Consello Escolar.
- Carteis publicitarios nos taboleiros do CPI e dípticos divulgativos.
- Difusión do noso proxecto a través do blog do club de lectura, do Facebook da biblioteca do centro e na súa páxina web.

  BLOG:https://semilleirodasfollasbravasnavia.blogspot.com/
  https://plambecpinaviadesuarna.blogspot.com/
  FACEBOOK:
  https://www.facebook.com/bibliotecacpinaviadesuarna
  PÁXINA WEB:
  http://www.edu.xunta.gal/centros/cpinaviadesuarna/
- Revista escolar do centro.

CONCRECIÓN CURRICULAR ANUAL

CRITERIOS AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

# CONCRECCIÓN CURRICULAR REFERIDA Á AVALIACIÓN EI, EP e ESO (CURSO 23-24)

## Lexislación aplicable

- Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a a Lei orgánica 2/2006

- Real Decreto 984/2021 de 16 de novembro pola que se regula a avaliación e promoción na EP, ESO, BAC e FP

- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico

- Currículos de ensino vixentes:

    Decreto 155/2022 polo que se establece o currículo EP
    Decreto 156/2022 polo que se establece o currículo da ESO

- Decreto 229/2011 no que se regula a atención á diversidade.

- Orde o 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011

- Orde do 30 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 150/2022 e se establece a o rdenación do currículo e se regula a avaliación na EI

- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022 e se establece a ordenación do currículo e se regula a avaliación na EP

- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022 e se establece a ordenación do curículo e se regula a avaliación na ESO

## AVALIACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL

A avaliación formará parte da práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado.

A avaliación na educación infantil será global, continua e formativa:

a) **Global:** a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

b)**Continua:** o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta o alumnado durante todo o proceso educativo.

c)**Formativa:** o profesorado debe empregar información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada un.

### REFERENTES PARA A AVALIACIÓN EN EI

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase tomando en conta como referentes:

- O grao de adquisición das competencias
- O logro dos obxectivos das áreas e da etapa
- Os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 150/2022 e a súa concreción nas programacións didácticas.

### SESIÓNS DE AVALIACIÓN

**Haberá unha sesión de avaliación inicial, 3 sesións de avaliación parcial e unha avaliación final**

De acordo coa Orde do 3 de maio pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 a terceira avaliación parcial debe coincidir coa data de avaliación final e deberán realizarse **a partir do 21 de xuño.**

### VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES

A valoración do proceso de aprendizaxe recollerá os progresos efectuados polo alumnado e expresarase de forma cualitativa de acordo ao seguintes termos:

SD: Sen dificultade
EP: En proceso
CD: Con dificultade

## AVALIACIÓN EDUCACIÓN PRIMARIA

A avaliación na educación primaria será global, continua e formativa:

a) **Global:** a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

b)**Continua:** o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta o alumnado durante todo o proceso educativo.

c)**Formativa:** o profesorado debe empregar información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada un.

### REFERENTES PARA A AVALIACIÓN EN EP

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase tomando en conta como referentes:

- O grao de adquisición das competencias clave
- O logro dos obxectivos das áreas e da etapa

- Os criterios de avaliación establecidos no anexo II do Decreto 155/2022 e a súa concreción nas programacións didácticas

**No caso do alumnado con AC serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.**

Cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de de atención á diversidade máis acaídas. Estas poderán establecerse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten.

**AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS.**

Ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Todas as áreas do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.

A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das áreas, na medida en que, de conformidade co anexo II do Decreto 155/2022, os criterios de avaliación de cada materia, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos obxectivos da devandita materia, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da área debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares ás que se refire o anexo II do Decreto 155/2022.

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias claves nos termos de IN, SU, BEN, NT, SB.

**SESIÓNS DE AVALIACIÓN**

**Haberá unha sesión de avaliación inicial, 3 sesións de avaliación parcial e unha avaliación final**

De acordo coa Orde do 3 de maio pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 a terceira avaliación parcial debe coincidir coa data de avaliación final e deberán realizarse **a partir do 21 de xuño.**

**CUALIFICACIÓNS**

Nas avaliacións parciais e na final de cada curso realizarase unha valoración das aprendizaxes do alumnado en cada unha das áreas, os resultados expresaranse nos termos literais de IN, SU, BE, NT, SB

A estes termos achegaráselles con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias.

Insuficiente: 1,2,3 ou 4
Suficiente: 5

Ben: 6
Notable: 7 ou 8
Sobresaliente: 9 ou 10

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

A CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS MATERIAS FARASE EFECTIVA NA AVALIACIÓN FINAL DE CURSO

**PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA**

Ao finalizar os cursos, **segundo**, **cuarto** e **sexto** da Educación Primaria, tendo en conta o proceso e referentes de avaliación, o equipo docente decidirá a promoción do alumnado, será adoptada de xeito colexiado tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información do profesorado titor.

O alumnado que promocione con áreas con cualificación negativa recibirá os apoios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.

**A permanencia no mesmo curso, é unha medida excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para a atender o desfase curricular u as dificultades de aprendizaxe e sempre que o equipo docente considere que a permanencia é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento**.

No caso da non promoción o equipo docente organizara un **PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO**. (segundo o recollido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro de atención á diversidade.

**A repetición só poderá adoptarse unha vez na etapa, oídos as nais/pais**.

Ao rematar 2º, 4º e 6º o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando as medidas de reforzo que se deben prever no curso seguinte.

Ao rematar a EP, o profesorado titor elaborará un informe sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias de cada alumna/o.

# AVALIACIÓN NA ESO

## REFERENTES PARA A AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase tomando en conta como referentes:

- O grao de adquisición das competencias clave
- O logro dos obxectivos das materias e da etapa
- Os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022 e os establecidos nas programacións didácticas de cada materia.

**No caso do alumnado con AC serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.**

A avaliación na ESO será continua, formativa e integradora

Cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas poderán establecerse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten.

As decisións adoptadas polo equipo docente referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade de non existir unanimidade requirirán o acordo favorable da maioría simple dos seus membro.

## AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS

Ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Todas as materias do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.

A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das materias, na medida en que, de conformidade co anexo II e III do Decreto 156/2022, os criterios de avaliación de cada materia, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos obxectivos da devandita materia, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da área debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares ás que se refire o anexo II e III do Decreto 156/2022.

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias claves nos termos de IN, SU, BEN, NT, SB.

## SESIÓNS DE AVALIACIÓN

**Haberá unha sesión de avaliación inicial, 3 sesións de avaliación parcial e unha avaliación final.**

**De acordo coa Orde do 3 de maio pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 a terceira avaliación parcial en EI,EP e ESO debe coincidir coa data de avaliación final e deberán realizarse a partir do 21 de xuño.**

## CUALIFICACIÓNS

Nas avaliacións parciais e na final de cada curso realizarase unha valoración das aprendizaxes do alumnado en cada unha das áreas, os resultados expresaranse nos termos literais de IN, SU, BE, NT, SB

A estes termos achegaráselles con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias.

Insuficiente: 1,2,3 ou 4
Suficiente: 5
Ben: 6
Notable: 7 ou 8
Sobresaliente: 9 ou 10

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

A CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS MATERIAS FARASE EFECTIVA NA AVALIACIÓN FINAL DE CURSO

## PROMOCIÓN

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa o equipo docente de xeito colexiado na sesión de avaliación final decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada atendendo a:

- A consecución dos obxectivos
- O grao de adquisición das competencias
- Valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou alumno
- Os criterios de promoción

Acadará a promoción ao curso seguinte o alumnado que **superase todas as materias ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias.**

Ademais **poderá decidir a promoción** dunha alumna ou alumno con **máis materias de dúas materias sen superar sempre e cando se cumpran os seguintes criterios de promoción:**

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022 das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

f) De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións sobre a promoción requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Terán dereito a voto unicamente o profesorado que imparta materias ao alumno/a e só emitirá un voto por persoa.

**O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo para cada unha desas materias conforme ao establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 e ao artigo 7 da Orde do 26 de maio de 2023.**

## NON PROMOCIÓN

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida considerase de carácter excepcional e só se tomará unha vez esgotadas as medidas ordinarias de reforzo e apoio. A repetición levará asociada un plan específico personalizado segundo o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021

Só se poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano ano máis en 4º da ESO, aínda que esgotase o máximo de permanencia e poderase neste caso prolongar un ano o límite de idade da escolaridade obrigatoria.

## TITULACIÓN NA ESO

Decisión de xeito colexiado atendendo á:

- Adquisición das competencias da etapa
- Consecución dos obxectivos da etapa
- Criterios de titulación

**Para obter o título da ESO o alumnado terá que ter superadas todas as materias da etapa.**

**O equipo docente poderá decidir a obtención do título con unha ou máis materias sen superar sempre que se cumpran tamén todos os seguintes criterios de titulación:**

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que este matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco

b) Que a xuízo do equipo docente adquirise as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente alcanzase os obxectivos da etapa.

d) De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións sobre a promoción requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Terán dereito a voto unicamente o profesorado que imparta materias ao alumno/a e só emitirá un voto por persoa.

O alumnado que non obteña o título e supere os límites da idade establecidos (18 anos) poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo currículo establecido e as instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e FP.

## CONSELLO ORIENTADOR

Ao finalizar 2º da ESO entregarase ao pais un consello orientador que incluirá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes e a opción educativa que consideran máis adecuada.

Ao finalizar a etapa ou concluír a súa escolarización realizarase un consello orientador que incluirá as opcións formativas, académicas ou profesionais que se consideran máis acaídas.

**MATRÍCULA DE HONRA**

O alumnado con nota superior a 9 puntos poderá recibir Matrícula de Honra, poderá concederse como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado en 4º da ESO. En caso de empate tomarase como criterio a nota de 3º da ESO e/ou sucesivos de ser necesario.

ESTE DOCUMENTO FORMA PARTE DA CONCRECCIÓN CURRICULAR DO CURSO 2023-24 E FOI APROBADA EN CLAUSTRO O DÍA:

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

**RESUMO INFORMATIVO PARA O ALUMNADO DA ESO E AS SÚAS FAMILIAS SOBRE AS A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN CURSO 23-24**

**1- A SESIÓN DA TERCEIRA AVALIACIÓN PARCIAL COINCIDIRÁ COA SESIÓN DE AVALIACIÓN FINAL E SERÁ DESPOIS DO 21 DE XUÑO.**

**2- PROMOCIÓN DE CURSO**

**Promocionará de curso todo o alumnado que teña todas as materias superadas, ou unha ou dúas suspensas.**

**Ademais *o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, con máis de dúas materias sen superar sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:***

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022 das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

*f)* De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións sobre a promoción requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Terán dereito a voto unicamente o profesorado que imparta materias ao alumno/a e só emitirá un voto por persoa

**3- TITULACIÓN NA ESO**

**Obterá o título da ESO todo o alumnado de 4º que supere todas as materias *(desaparece a obtención automática do título con unha ou dúas materias suspensas).***

**Ademais o equipo docente poderá decidir que obteña o título alumnado que teña unha ou máis materias sen superar e que cumpra todas as condicións seguintes:**

*a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.*

*b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.*

*c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.*

*d) De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións sobre a promoción requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Terán dereito a voto unicamente o profesorado que imparta materias ao alumno/a e só emitirá un voto por persoa.*

## 4- MATRÍCULA DE HONRA

*O alumnado con nota superior a 9 puntos poderá recibir Matrícula de Honra, poderá concederse como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado en 4º da ESO. En caso de empate tomarase como criterio a nota de 3º da ESO e sucesivos de ser necesario.*

## 5- Outras consideracións importantes a ter en conta

- **Repetirase** *"o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio".*
- Poderase **permanecer no ensino secundario** *"até os 18 anos de idade cumpridos no ano en que finalice o curso"* (LOE, artigo 4.2), e *"de xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa".*
- O alumnado que repita curso terá un **plan específico de reforzo**. O alumnado que promocione con materias suspensas terá un **plan específico de recuperación** para cada unha delas.
- O alumando e as súas familias recibirá un consello orientador en 2º e 4º da ESO Nos demais cursos expediranse só no caso dunha proposta de matriculación en FP Básica.
- O alumnado que non obteña o título e supere os límites da idade establecidos (18 anos) poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo currículo establecido e as instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e FP.
- O alumnado con ACS terá como referente para a avaliación, promoción e titulación serán os establecidos na adaptación.

# CONCRECIÓN CURRICULAR

**Centro educativo**

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 27007788 | CPI Plurilingüe de Navia de Suarna | Navia de Suarna | 2023/2024 |

| **Contido** | **Páxina** |
|---|---|
| a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro | 3 |
| b) A contribución á adquisición das competencias clave | 5 |
| c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais | 8 |
| d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía | 8 |
| e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos | 9 |
| f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso | 10 |
| g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias | 10 |
| h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso | 11 |
| i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso 12 | |
| j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación | 14 |
| k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso | 20 |
| l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas | 20 |
| m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas | 21 |
| n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular | 21 |
| o) Outros apartados | 21 |

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

EDUCACIÓN INFANTIL

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a

educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## b) A contribución á adquisición das competencias clave

Contribución á adquisición das competencia na Educación Infantil

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

En educación infantil, poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo. Con iso favorecerase a aparición de expresións de crecente complexidade e corrección sobre necesidades, vivencias, emocións e sentimentos propios e dos demais. Ademais, a oralidade ten un papel destacado nesta etapa, non só por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, senón tamén porque é o vehículo principal que lles permite ás nenas e aos nenos gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria a través das rimas, das ladaíñas, das adiviñas e dos contos, que enriquecerán a súa bagaxe sociocultural e lingüística desde o respecto da diversidade.

CP-Competencia plurilingüe.

Nesta etapa, iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico.

Deste xeito, promóvense o diálogo e a convivencia democrática.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

As nenas e os nenos infcianse nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. O proceso de ensino e aprendizaxe na educación infantil exponse nun contexto suxestivo e divertido no que se estimula, desde un enfoque coeducativo, a curiosidade das nenas e dos nenos por entender aquilo que configura a súa realidade, sobre todo o que está ao alcance da súa percepción e experiencia, respectando os seus ritmos de aprendizaxe. Con esta finalidade, convídase a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima e iniciarse no aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables. Para o desenvolvemento desta competencia clave, préstaselle unha especial atención á iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

CD-Competencia dixital.

Nesta etapa, iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. Ademais, o uso e a integración destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nenas e dos nenos.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Resulta especialmente relevante que as nenas e os nenos se inicien no recoñecemento, na expresión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos

sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía. Doutra banda, a escolarización nesta etapa supón tamén o descubrimento dunha contorna diferente á familiar, en que se experimenta a satisfacción de aprender en sociedade, mentres se comparte a experiencia propia con outras persoas e se coopera con elas de forma construtiva. Para iso, as nenas e os nenos comezan a poñer en marcha, de maneira cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

CC-Competencia cidadá.

Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Convídase tamén á identificación de feitos sociais relativos á propia identidade, diversidade familiar e cultura. Do mesmo xeito, foméntase un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade

e do coidado e a protección dos animais. Para tal fin, promóvese a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas que as nenas e os nenos irán integrando nas súas prácticas cotiás. Ademais, sentan as condicións necesarias para crear comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, que preveñan condutas discriminatorias de calquera tipo.

CE-Competencia emprendedora.

A creación e a innovación son dous factores clave para o desenvolvemento persoal, a inclusión social e a cidadanía activa ao longo da vida. A educación infantil é unha etapa na que se estimulan a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o cal supón unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas. Desta maneira, aséntanse as bases tanto do pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas e foméntase a análise crítica e construtiva desde as primeiras idades.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Para que as nenas e os nenos constrúan e enriquezan a súa identidade, foméntase nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas. Así mesmo, axúdase ao desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

Contribución á adquisición das competencias en EP e ESO

CCL: competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

CP: competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas

linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

CD: competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

CC: competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

CE: competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a

disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

## c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

No centro ademais de traballar de forma transversal todos os contidos contemplados: educación moral e cívica, educación para a paz, educación para a saúde, educación para igualdade entre os sexos, educación sexual, educación medioambiental, educación para o consumidor e educación vial. Pero abordaremos de xeito especial en todas as etapas e cursos (adaptados ás idades do alumnado) os seguintes:

- Defensa e respecto e coidado do medio ambiente: Desde todo o centro traballarase na defensa do medio ambiente, a través de todas as áreas e a través de actividades específicas de sensibilización sobre a defensa dos animais, a reciclaxe, o cambio climático, ...
- Capacidade de emprendemento e iniciativa persoal: fomentarase no alumnado a capacidade de iniciativa e emprendemento, tanto a través da participación no Proxecto Lanzadeiras Miniempresas, charlas, visitas a empresas e cooperativas
- Educación para a igualdade e coeducación: a educación en valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por raza, clase social, sexo orientación sexual ou calquera outra condición.
- Defensa e valoración do medio rural en xeral e da Montaña en particular, da súa cultura, patrimonio etnográfico, historia, forma de vida así como dunha defensa activa do seu futuro, propoñendo ao noso alumnado exemplos de desenvolvemento rural sostible.
- Promoción de valores democráticos de participación na vida do centro co obxectivo de formar cidadáns e cidadás críticas e comprometidas cos valores democráticos e coa defensa dos máis febles, rexeitando as inxustizas, as desigualdades, a guerra, o deterioro do medio, etc. Promovendo e dotando ao alumnado de recursos para a xestión e solución dos conflitos.
- Defensa e posta en valor da lingua galega como ferramenta lingüística válida en calquera ámbito de relación social e do coñecemento, ao mesmo tempo que estimularemos o coñecemento e o desenvolvemento de actitudes de respecto e defensa do plurilingüísmo en xeral e das linguas minorizadas do estado en particular.
- Fomento de habitos relacionados cunha dieta saudable e coa práctica da actividade física de forma sistemática e dos beneficios que destas se derivan fronte aos hábitos sedentarios da sociedade actual e a comida ¿basura¿ dietas ricas en grasas trans e azucares e pobres en frutas e vexetais

## d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Non se pretende a uniformidade metodolóxica. A pluralidade metodolóxica está xustificada por razóns coma o estilo cognitivo do alumnado, as características específicas do currículo que ten que ser aprendido e o estilo persoal do docente. Polo tanto, pensamos que a diversidade de métodos é apropiada porque os obxectivos e contidos de aprendizaxe requiren, frecuentemente, a combinación de diferentes xeitos de ensinar e a variabilidade nos estilos de aprendizaxe do alumnado esixe respostas diversas a través de estratexias metodolóxicas diferenciadas segundo momentos, áreas, contidos, etc.
Así e todo, cremos conveniente acordar algúns criterios metodolóxicos de carácter xeral, que nos permitan buscar a coherencia e coordinación das diferentes intervencións no noso proceso didáctico que permitan que o noso alumnado acade as competencias básicas:

- É necesario modificar prácticas educativas tradicionais, e facer fincapé no saber facer e nas competencias.
- Non existe unha metodoloxía única para desenvolver as competencias básicas , empregaranse múltiples estratexias metodolóxicas en función dos obxectivos e as características do alumnado.
- Para acadar as competencias clave utilizaranse estratexias metodolóxicas tales como:
a) Potenciación da lectura e o tratamento da información como estratexia de aprendizaxe.
b) Potenciación o traballo cooperativo
c) Coordinación metodolóxica e didáctica dos equipos docentes.
d) Procura, selección e utilización de materiais curriculares e recursos didácticos diversos.
e) Diversificación das situacións e instrumentos de aprendizaxe e de avaliación e potenciación do seu carácter formativo.
f) Uso integrado das TIC tanto a través do E-Dixgal como doutras ferramentas tecnolóxicas.
- Priorizarase a reflexión, a aprendizaxe critico e a aplicación do coñecemento fronte á aprendizaxe memorístico.
- Procurarase a alternancia de diferentes tipos de actuacións, actividades e situacións de aprendizaxe, tendo en conta as motivacións e os intereses do alumnado.
- Potenciarase unha metodoloxía investigadora e a participación activa dos alumnos e alumnas na súa propia formación.
- Prestarase atención á diversidade de capacidades e personalidades do alumnado.
- Entendemos a aprendizaxe coma un proceso continuo, no que o alumno ou alumna será o protagonista da súa propia aprendizaxe. Non lle daremos as cousas feitas, senón que deberá investigar, relacionar, sacar conclusións¿ para construír a súa propia aprendizaxe.
- Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado e dos seus coñecementos previos para asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
- Deberemos atender preferentemente a funcionalidade das aprendizaxes, intentando que poidan ser utilizadas en situacións reais nas que o alumno/a as necesite.Para isto deberemos deseñar situacións de aprendizaxes motivadoras para o alumnado proporcionándolle situacións de aprendizaxe que teñan sentido na súa vida.
- Partimos da base de facer un esforzo por atender a cada alumno ou alumna dunha forma o máis personalizada posible, a través dun seguimento individualizado do seu progreso e das súas necesidades.
- A metodoloxía aplicada será activa, de maneira que o alumnado non sexa unicamente un receptor pasivo, senón que observe, reflexione, realice, participe, investigue, constrúa, etc., preocupándonos por desenvolver, ata onde nos sexa posible, unha metodoloxía de investigación e descubrimento e reducindo os temas e momentos necesarios a exposición ou explicación.
- Entedemos que a orde e a disciplina, a constancia e a autoorganización son necesarios tanto para os procesos de aprendizaxe como para a vida en xeral.
- Potenciaremos ao máximo a comprensión do que se estuda ou aprende, xa que na medida en que ¿se comprende¿ realizaranse aprendizaxes significativas; isto non supón descoidar en ningún intre a ¿memoria comprensiva¿, xa que é necesaria e imprescindible para a aprendizaxe.
- Teremos especial coidado en non caer no activismo absurdo, onde o alumnado realice tarefas de forma irreflexiva e mecánica. Neste senso, propiciaremos a través de actividades a análise e a elaboración de conclusións con respecto ao traballo que se está realizando.
- Todo o profesorado das diferentes etapas realizará unha avaliación inicial, polo menos ao comezo de cada curso, co fin de adaptar o ensino ás peculiaridades e nivel de cada un dos alumnos e alumnas e do grupo.
- Tratarase o error coma fonte de aprendizaxe e non só coma obxecto de sanción, tendo en conta que a partires do recoñecemento, análise e corrección deste pódese mellorar.
- Empregaremos o traballo en grupo, unindo cursos se é preciso, dos alumnos e alumnas coma método importante de aprendizaxe.
- Valorase a gran importancia das actividades complementarias e extraescolares na formación das persoas polo que serán potenciadas.

## e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Serán seleccionados tendo en conta os alumnos e alumnas aos que van destinados e os obxectivos, contidos, etc., fixados nas programacións docentes para cada etapa educativa. Buscarase a diversificación do material que se vaia empregar, potenciando o uso de material que empregue un linguaxe e un vocabulario adecuados ás características e coñecementos do alumnado. En ningún caso se utilizará materiais e recursos que supoñan unha discriminación por razón de sexo, raza ou relixión.

Ao sermos un centro E-Dixgal loxicamente estará moi presente a utilización dos recursos TIC pero sen menoscabar a utilización doutros soportes e recursos.

Gastos de funcionamento dos titores, departamentos e profesorado en xeral para materiais e recursos didácticos

Non se asignarán asignacións anuais fixas aos diferentes departamentos, titorías, clases... , porén calquera membro do equipo docente para os gastos e necesidades do seu departamento, aula, titoría ... poderán utilizar os recursos orzamentarios do centro. O procedemento para utilizar os recursos do centro será comunicar as necesidades do departamento ou titoría ao equipo directivo, e este como norma xeral, aprobarao sempre que estea xustificado e sexa asumible en termos económicos.

## f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa, itinerarios e optatividade no noso centro están moi condicionadas pola plantilla de profesores/as dos que dispoñamos en cada momento e polo baixa matrícula en cada curso. Polo que, lamentablemente o normal é que o alumnado non poderá escoller entre toda a oferta e itinerios recollidos na lei.

Na actualidade no curso 23-24 as optativas ofertadas son:

- 2º da ESO: 2ª lingua estranxeira francés
- 4º da ESO: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, 2ª lingua estranxeira francés, Oratoria

Nas horas de disposición do centro de 2º da ESO por razóns de dispoñibilidade horaria do profesorado (a profesora de LCL é itinerante este curso), aínda que estaba aprobado que se impartiría unha hora máis de castelán, excepcionalmente este ano impartirase unha hora máis de Lingua Galega e Literatura

## g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Criterios de selección das actividades complementarias.

Cremos que as posibilidades e necesidades da aprendizaxe non se esgotan na aula, nin tampouco nos libros. A situación de illamento na que vive gran parte do noso alumnado fan que este tipo de actividades teñan un carácter prioritario. A través das actividades complementarias, de carácter obrigatorio para o alumnado xa que se realizan dentro do horario lectivo, trátase de facilitar a aprendizaxe do currículo e manexar informacións e recursos diversos.

Os criterios de carácter xeral que utilizaremos para seleccionar as actividades complementarias serán:

- Terán relación cos contidos impartidos na aula e servirán para complementar e enriquecer a visión e comprensión dos mesmos por parte do alumnado.
- Terán en conta os obxectivos que se consideran prioritarios neste Proxecto Educativo.
- Promoverán propostas e actuacións que favorezan la interdisciplinariedade e a relación entre as diferentes áreas e materias.
- Serán particulares e específicas para cada etapa, grupo e nivel en función das programacións correspondentes.
- Favorecerán o desenvolvemento do sentido crítico e construtivo do alumnado.
- Servirán para familiarizar ao alumnado cos acontecementos culturais externos ao centro.
- Xerarán dinámicas de respecto ás persoas e ao contorno, e fomentarán hábitos e actitudes que permitan unha integración plena do alumnado no medio sociocultural e natural.
- Potenciarán a capacidade de organización e actuación do alumnado.
- Interrelacionarán a aprendizaxe académico coa experiencia e información propiciada polo contorno.

Criterios de organización de actividades complementarias.

A fin de dar un sentido a este tipo de actividades, coordinalas evitando confluencias e facilitar a súa organización e desenvolvemento, utilizaremos os seguintes criterios de organización deste tipo de actividades fora da aula:

Para as actividades no centro:

- Dentro do posible, todas estas actividades deseñaranse no seu sentido xenérico, ao comezo do curso co fin de incluílas na programación xeral anual.
- O profesorado responsable dunha actividade debe velar polo cumprimento do programado, comunicando as incidencias que dificultaran o seu desenvolvemento a fin de evitalas en futuras ocasións.
- O alumnado que participe nunha actividade contribuirá ao desenvolvemento normal da mesma, adoptando unha actitude de respecto e colaboración.
- O/a profesor/a acompañará ao seu alumnado nas actividades que estean organizadas especificamente para o seu grupo e que se desenvolvan en horario de clase ou titoría.
- O alumnado ten a obrigación de asistir ás actividades programadas para o seu grupo e que se desenvolvan durante as horas de clase ou titoría.

Nas actividades fóra do centro:

- Para a realización de calquera actividade fóra do centro deberá cumprirse coa normativa reflectida no noso NOFC e que require da autorización das persoas proxenitoras do alumnado.
- Informarase, con antelación suficiente, aos pais/nais ou responsables, así como ao alumnado participante.
- Para organizar unha actividade fora do centro, esixirase como mínimo a participación dun 75% por cento do alumnado. Non obstante, debido ao reducido nº de alumnos/as por aula, este criterio poderase aplicar con flexibilidade, cando a actividade teña suficiente interese didáctico. Aqueles alumnos/as que non participen na actividade deberán ser debidamente atendidos no Centro.
- Procurarase que acompañen ao alumnado, ben profesores/as que lles dean clase ou ben aqueles que teñan algunha relación coa actividade.
- O alumnado que participe neste tipo de actividades fóra do centro asumirá o compromiso de asistir a todos os actos programados.
- As actividades fóra do centro poderán esixir algún tipo de pequena achega económica por parte das familias. Porén desde o centro arbitraranse as medidas necesarias para evitar calquera discriminación na participación destas actividades por razóns económicas das familias.

As actividades extraescolares.

Un centro educativo non pode limitar as súas actividades ás estritamente académicas, senón que convén dar cabida a outras que permitan proporcionar ao alumnado outras experiencias, así como dar pautas para unha ocupación rica do tempo de ocio, contrastar valores... Esta oferta de actividades extraescolares, de carácter voluntario para o alumnado xa que se realizan fóra do horario lectivo , aínda que non forma parte do currículo obrigatorio, debe ter unha orientación coherente cos obxectivos xerais da etapa e, en certa medida, contribuír á súa aprendizaxe en situacións novas.

## h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que promocione coas instrumentais básicas superadas e con outras materias pendentes deberá realizarse un programa específico de recuperación.

As ensinanzas do programa de recuperación de materias pendentes estarán baseadas nos mínimos esixibles do curso correspondente e a súa avaliación corresponderalle ao profesorado que imparta o dito programa.

Se existe profesorado no centro que non teña o seu horario lectivo completo, poderá colaborar co profesor da área pendente e co PT no desenvolvemento do programa de recuperación. O profesor/a da área pendente deberá realizar na súa programación unha planificación das actividades que levará a cabo para que o alumnado recupere dita materia:

-Actividades e temporalización.
- Recursos materiais e humanos
- Sistema de avaliación (traballos periódicos, exames parciais, exame final, etc.)

Elaborarase un plan de reforzo para cada unha das materias non superadas polo alumno/a no curso anterior, que deberá ter as seguintes características:

- Será elaborado polo profesorado que imparte a citada materia.
- Estará supervisado polo departamento didáctico, que velará polo seu cumprimento.
- Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.
- Cada departamento elaborará un guión dos obxectivos básicos requiridos para acadar a avaliación positiva en cada un dos cursos.
- Cada departamento poderá crear un boletín de traballo físico ou publicado na aula virtual, coas actividades, recursos
- Poderán utilizarse distintos tipos de recursos: documentos, vídeos, tarefas online, tarefas en papel, etc
- Será personalizado e adaptado ás características de cada alumno/a.
- Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.
- Será necesario obter avaliación positiva neste plan para superar a materia pendente.
- O titor/a e a familia serán informados deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a. Identificación da alumna ou do alumno.

b. Información relevante sobre a materia sen superar. Necesidades, dificultades e puntos fortes que presenta o alumno/a en relación á área.

c. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. De ser necesario plan específico para reforzar as habilidades instrumentais básicas e/ou outras aprendizaxes prerequisito que poden dificultar o progreso do alumno.

d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, con especial referencia a estratexias que potencien o éxito, a autoestima e a motivación do alumno/a.

e. Recursos materiais e humanos (PT, orientador, profesor con dispoñibilidade horaria) necesarios para o seu desenvolvemento.

f. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.

g. Seguimento e avaliación das actuacións para avaliar o grao de consecución dos obxectivos do programa.

h. Acreditación da información á familia. Mecanismos de colaboración e información periódica ás familias.

## i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Educación primaria

O destinatario do plan específico de reforzo será o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso e terá por finalidade e atender e superar as dificultades que provocaron esa repetición

Elaborarase un plan específico de reforzo para cada alumno/a que permaneza un ano máis no mesmo curso, que deberá ter as seguintes características:

a.Será personalizado e adaptado ás necesidades, dificultades e potencialidades de cada alumno/a.

b. Será elaborado polo equipo docente do curso no que estea matriculado, coordinado polo titor/a.

c. Estará supervisado polo departamento de orientación.

d. Terá en conta o informe final do curso anterior, prestando especial atención ás dificultades que tivo o alumno/a para acadar as competencias básicas.

e. Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.

f. Na avaliación final farase un informe sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

g. A familia será informada deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

a. Identificación da alumna ou do alumno.

b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, con especial análise da incidencia de posibles déficits de base de carácter instrumental, motivacional, de organización, familiares....

c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e. Recursos humanos (PT, orientador, profesorado con dispoñibilidade horaria,...) e materiais necesarios para o desenvolvemento do plan.

f. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g. Acreditación da información á familia.

Educación Secundaria Obrigatoria

O destinatario do plan específico personalizado de recuperación será o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Os titores/as elaborarán en coordinación co equipo docente un informe final para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, indicando as medidas ordinarias que se aplicaron ao longo do curso e as necesidades educativas que motivan a repetición; este informe arquivarase no expediente do alumno/a.

Elaborarase un plan específico personalizado para cada alumno/a que permaneza un ano máis no mesmo curso, que deberá ter as seguintes características:

a. Será personalizado e adaptado ás necesidades, dificultades e potencialidades de cada alumno/a.

b. Será elaborado polo equipo docente do curso no que estea matriculado, coordinado polo titor/a.

c. Estará supervisado polo departamento de orientación.

d. Terá en conta o informe final do curso anterior, prestando especial atención ás dificultades que tivo o alumno/a para acadar as competencias básicas.

e. Cada departamento elaborará un guión dos obxectivos básicos requiridos para acadar a avaliación positiva en cada un dos cursos.

f. Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.

g. Na avaliación final farase un informe sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento

h. O titor/a e a familia serán informados deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

a. Identificación da alumna ou do alumno.

b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, con especial análise da incidencia de posibles déficits de base de carácter instrumental, motivacional, familiares, ...

c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e. Recursos humanos (PT, orientador, profesorado con dispoñibilidade horaria,...) e materiais necesarios para o desenvolvemento do plan.

f. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g. Acreditación da información á familia.

**j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

AVALIACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL

A avaliación formará parte da práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado.

A avaliación na educación infantil será global, continua e formativa:

a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

b)Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta o alumnado durante todo o proceso educativo.

c)Formativa: o profesorado debe empregar información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada un.

REFERENTES PARA A AVALIACIÓN EN EI

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase tomando en conta como referentes:

- O grao de adquisición das competencias
- O logro dos obxectivos das áreas e da etapa
- Os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 150/2022 e a súa concreción nas programacións didácticas.

SESIÓNS DE AVALIACIÓN

Haberá unha sesión de avaliación inicial, 3 sesións de avaliación parcial e unha avaliación final

De acordo coa Orde do 3 de maio pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 a terceira avaliación parcial debe coincidir coa data de avaliación final e deberán realizarse a partir do 21 de xuño.

VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES

A valoración do proceso de aprendizaxe recollerá os progresos efectuados polo alumnado e expresarase de forma cualitativa de acordo ao seguintes termos:

SD: Sen dificultade

EP: En proceso

CD: Con dificultade

## AVALIACIÓN EDUCACIÓN PRIMARIA

A avaliación na educación primaria será global, continua e formativa:

a) Global: a valoración da aprendizaxe debe referirse ao grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos.

b)Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta o alumnado durante todo o proceso educativo.

c)Formativa: o profesorado debe empregar información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada un.

REFERENTES PARA A AVALIACIÓN EN EP

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase tomando en conta como referentes:

- O grao de adquisición das competencias clave
- O logro dos obxectivos das áreas e da etapa
- Os criterios de avaliación establecidos no anexo II do Decreto 155/2022 e a súa concreción nas programacións didácticas

No caso do alumnado con AC serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de de atención á diversidade máis acaídas. Estas poderán establecerse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten.

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS.

Ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Todas as áreas do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.

A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das áreas, na medida en que, de conformidade co anexo II do Decreto 155/2022, os criterios de avaliación de cada materia, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos obxectivos da devandita materia, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da área debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das

competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares ás que se refire o anexo II do Decreto 155/2022.
Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias claves nos termos de IN, SU, BEN, NT, SB.
SESIÓNS DE AVALIACIÓN
Haberá unha sesión de avaliación inicial, 3 sesións de avaliación parcial e unha avaliación final
De acordo coa Orde do 3 de maio pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 a terceira avaliación parcial debe coincidir coa data de avaliación final e deberán realizarse a partir do 21 de xuño.
CUALIFICACIÓNS
Nas avaliacións parciais e na final de cada curso realizarase unha valoración das aprendizaxes do alumnado en cada unha das áreas, os resultados expresaranse nos termos literais de IN, SU, BE, NT, SB
A estes termos achegaráselles con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias.
Insuficiente: 1,2,3 ou 4
Suficiente: 5
Ben: 6
Notable: 7 ou 8
Sobresaliente: 9 ou 10
A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
A CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS MATERIAS FARASE EFECTIVA NA AVALIACIÓN FINAL DE CURSO
PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA
Ao finalizar os cursos, segundo, cuarto e sexto da Educación Primaria, tendo en conta o proceso e referentes de avaliación, o equipo docente decidirá a promoción do alumnado, será adoptada de xeito colexiado tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información do profesorado titor.
O alumnado que promocione con áreas con cualificación negativa recibirá os apoios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.
A permanencia no mesmo curso, é unha medida excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para a atender o desfase curricular u as dificultades de aprendizaxe e sempre que o equipo docente considere que a permanencia é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.
No caso da non promoción o equipo docente organizara un PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO. (segundo o recollido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro de atención á diversidade.
A repetición só poderá adoptarse unha vez na etapa, oídos as nais/pais.
Ao rematar 2º, 4º e 6º o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando as medidas de reforzo que se deben prever no curso seguinte.
Ao rematar a EP, o profesorado titor elaborará un informe sobre a súa evolución e grao

de adquisición das competencias de cada alumna/o.

## AVALIACIÓN NA ESO

### REFERENTES PARA A AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase tomando en conta como referentes:
- O grao de adquisición das competencias clave
- O logro dos obxectivos das materias e da etapa
- Os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022 e os establecidos nas programacións didácticas de cada materia.

No caso do alumnado con AC serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

A avaliación na ESO será continua, formativa e integradora

Cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas poderán establecerse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten.

As decisións adoptadas polo equipo docente referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade de non existir unanimidade requirirán o acordo favorable da maioría simple dos seus membro.

### AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS

Ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Todas as materias do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.

A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das materias, na medida en que, de conformidade co anexo II e III do Decreto 156/2022, os criterios de avaliación de cada materia, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos obxectivos da devandita materia, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da área debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares ás que se refire o anexo II e III do Decreto 156/2022.

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias claves nos termos de IN, SU, BEN, NT, SB.

### SESIÓNS DE AVALIACIÓN

Haberá unha sesión de avaliación inicial, 3 sesións de avaliación parcial e unha avaliación final.

De acordo coa Orde do 3 de maio pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 a terceira avaliación parcial en EI,EP e ESO debe coincidir coa data de avaliación final e deberán realizarse a partir do 21 de xuño.

### CUALIFICACIÓNS

Nas avaliacións parciais e na final de cada curso realizarase unha valoración das

aprendizaxes do alumnado en cada unha das áreas, os resultados expresaranse nos termos literais de IN, SU, BE, NT, SB
A estes termos achegaráselles con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias.
Insuficiente: 1,2,3 ou 4
Suficiente: 5
Ben: 6
Notable: 7 ou 8
Sobresaliente: 9 ou 10
A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
A CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS MATERIAS FARASE EFECTIVA NA AVALIACIÓN FINAL DE CURSO
PROMOCIÓN
Ao finalizar cada un dos cursos da etapa o equipo docente de xeito colexiado na sesión de avaliación final decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada atendendo a:
- A consecución dos obxectivos
- O grao de adquisición das competencias clave
- Valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou alumno
- Os criterios de promoción

Acadará a promoción ao curso seguinte o alumnado que superase todas as materias ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias.
Ademais poderá decidir a promoción dunha alumna ou alumno con máis materias de dúas materias sen superar sempre e cando se cumpran os seguintes criterios de promoción:
a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022 das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
c) Que o equipo docente considere que as materias con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
f) De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións sobre a promoción requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Terán dereito a voto unicamente o profesorado que imparta materias ao alumno/a e só emitirá un voto por persoa.
O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo para cada unha desas materias conforme ao establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 e ao artigo 7 da Orde do 26 de maio de 2023.

NON PROMOCIÓN

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida considerase de carácter excepcional e só se tomará unha vez esgotadas as medidas ordinarias de reforzo e apoio. A repetición levará asociada un plan específico personalizado segundo o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021

Só se poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano ano máis en 4º da ESO, aínda que esgotase o máximo de permanencia e poderase neste caso prolongar un ano o límite de idade da escolaridade obrigatoria.

TITULACIÓN NA ESO

Decisión de xeito colexiado atendendo á:

- Adquisición das competencias clave da etapa
- Consecución dos obxectivos da etapa
- Criterios de titulación

Para obter o título da ESO o alumnado terá que ter superadas todas as materias da etapa.

O equipo docente poderá decidir a obtención do título con unha ou máis materias sen superar sempre que se cumpran tamén todos os seguintes criterios de titulación:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que este matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco

b) Que a xuízo do equipo docente adquirise as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente alcanzase os obxectivos da etapa.

d) De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións sobre a promoción requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. Terán dereito a voto unicamente o profesorado que imparta materias ao alumno/a e só emitirá un voto por persoa.

O alumnado que non obteña o título e supere os límites da idade establecidos (18 anos) poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo currículo establecido e as instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e FP.

CONSELLO ORIENTADOR

Ao finalizar 2º da ESO entregarase ao pais un consello orientador que incluirá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes e a opción educativa que consideran máis adecuada.

Ao finalizar a etapa ou concluír a súa escolarización realizarase un consello orientador que incluirá as opcións formativas, académicas ou profesionais que se consideran máis acaídas.

## k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

O alumnado con nota superior a 9 puntos poderá recibir Matrícula de Honra, poderá concederse como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado en 4º da ESO. En caso de empate tomarase como criterio a nota de 3º da ESO e/ou sucesivos de ser necesario.

## l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria realizaranse na aplicación PROENS e incluirán:

a) Introdución.

b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

Concrecións metodolóxicas. Materiais e recursos didácticos.
e) Avaliación.

Procedemento para a avaliación inicial.

Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

Concreción dos elementos transversais. Actividades complementarias.
h) Práctica docente.

Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións,

cunha xustificación razoada.

O resumo de programación que será entregado ás familias constará, como mínimo, dos seguintes apartados:

a) Resumo das unidades didácticas e da súa secuenciaciación e temporalización.

b) Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

## m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os proxectos, plans e programas nos que participará o centro durante o curso escolar serán presentados no claustro-CPP de acordo ao calendario de inscrición de cada plan específico e programa. En todo caso procurarase que sexa nas primeiras semanas do curso.

Os obxectivos prioritarios á hora de decidir este tipo de actuacións serán os seguintes:

1. Incentivar a participación de toda a comunidade educativa.

2. Impulsar múltiples e diversas actividades didácticas nas que os protagonistas principais sexan os nenos e as nenas.

3. Motivar a creatividade e o interese do alumnado polo seu propio proceso de aprendizaxe.

4. Fomentar o traballo en equipo e a toma de responsabilidades.

5. Empregar as TIC.

6. Crear espazos e experiencias presididos polo respeto e a convivencia en igualdade

## n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A revisión desta concreción curricular realizarase nas reunións de Claustro-CCP ao longo do curso
A súa avaliación final quedará recollida na memoria final na que se recolleran as propostas de mellora a incorporar na PXA e na concrección curricular.
A súa modificación, de ser o caso, farase nas primeiras semanas mes de outubro unha vez feitas as avaliación iniciais e analizadas as necesidades do alumnado.

## o) Outros apartados

### 1. PFPP

O centro participará nun PFPP con dúas liñas de formación::
- Unha relacionada co PLAMBE: que versará sobre dúas temáticas, a utlización do cómic como dinamizador da lectura e a radio escolar.
- Unha segunda liña relacionada co desenvolvemento dos Polos Creativos.